



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 1 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, POR RAZÓN DA CONTÍA, DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

ÍNDICE

1. Obxecto, réxime xurídico e procedemento de contratación.
 - 1.1 Obxecto do contrato
 - 1.2 Normas aplicables
 - 1.3 Órgano de contratación
 - 1.4 Procedemento de adxudicación
 - 2.- Orzamento do contrato, valor estimado e financiamento.
 - 3.- Duración do contrato.
 - 4.- Revisión de prezos.
 - 5.- Garantías
 - 5.1 Provisional
 - 5.2. Definitiva
 - 6.- Consulta do expediente, resolución dúbidas dos PCAP e PPT e perfil do contratante
 - 7.- Capacidade para contratar
 - 8.- Unións temporais de empresas
 - 9.- Proposicións.
 - 9.1. Lugar e prazo de presentación
 - 9.2. Documentación
 - Sobre A: Documentación xeral
 - Sobre B: Oferta económica e memoria de actuación
 - 9.3. Documentos orixinais e lingua
 10. Apertura das ofertas
 - 10.1. Normas xerais
 - 10.2. Tramitación do procedemento de adxudicación
 - 10.3. Presentación de documentación e adxudicación do contrato
 - 11.- Mesa de contratación
 - 12.- Criterios de negociación
 - 13.- Formalización do contrato
 - 14.- Prazo de garantía e devolución da garantía definitiva
 - 15.- Sucesión na persoa do contratista
 - 16.- Responsable do contrato
 - 17.- Execución do contrato
 - 17.1 Abonos ao contratista
 - 17.2 Gastos esixibles ao contratista
 - 17.3 Penalidades
 - 17.4 Obrigas do contratista
 - 17.5 Modificación do contrato
 - 17.6 Suspensión do contrato
 - 18.- Resolución de contratos
 - 19.- Designación da conta bancaria
 - 20.- Protección de datos personais
 - 21.- Xurisdicción competente
- ANEXO I.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE
ANEXO II.- MODELO PROPOSICIÓN ECONÓMICA



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 2 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

I. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

I.1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o subministro e colocación de elementos decorativos e de mobiliario do xeito detallado no proxecto complementario de equipamento da praza de abastos de Bueu, suscrito pola arquitecta Iria Pazos Neira, de 1.9.2014, que contén as prescricións técnicas da contratación, no marco do investimento denominado "REFORMAS NA PRAZA DE ABASTOS. EQUIPAMENTO E MATERIAL DE USO COMUNITARIO. DINAMIZACIÓN COMERCIAL" subvencionado pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia ao abeiro da orde de 12.3.2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013

As actuacións proxectadas ten como obxecto o acondicionamento interior da pranta primeira da praza de abastos de Bueu, actualmente sen actividade, e do exterior de dito inmovible mediante o deseño, subministro e colocación dos elementos necesarios para conseguir a modernización e dinamización comercial da Praza de Abastos.

As actuacións a realizar consistirán na:

- Remodelación da imaxe exterior do edificio.
- Mobiliario para oficina, salas de usos múltiples e vestuario.
- Deseño, subministro e montaxe dos elementos necesarios para a creación dun espazo destinado a mercado temático e dun espazo gastronómico.

O acondicionamento interior centrarase na pranta primeira, mediante a creación dun espazo destinado a mercado temático, no lado sur, e nunha zona gastronómica e de almacenaxe, no lado norte. A remodelación da imaxe exterior do edificio consistirá na colocación de lonas impresas e vinilos.

O subministro de referencia deberá axustarse ás obrigas contidas na normativa sectorial de aplicación. Os materiais subministrados deberán ser acordos coa normativa actual existente e ter en conta todos os parámetros de calidade para acadar a maior eficiencia no seu uso dispoñendo, ao efecto, no seu caso, dos certificados de homologación que así o acrediten nos termos sinalados nas prescricións técnicas da licitación.

A clasificación do subministro consonte ao Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE nº 213/2008 é a seguinte: 39000000-2 e 39100000-3.

I.2. Normas aplicables.

O presente contrato de subministro ten carácter administrativo, tal e como establecen o art. 9 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14.11, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), e ámbas as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto refundido, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente, no que non se atope derogado por ésta, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 e no Real decreto 817/2009, de 08/05, que desenvolve parcialmente a lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 3 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

O presente contrato rexerese polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no proxecto complementario de equipamento da praza de abastos de Bueu, suscrito pola arquitecta Iria Pazos Neira, de 1.9.2014, que contén as Prescricións Técnicas, que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro. O descoñecemento do contrato en calquera do seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración municipal, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

Asemade deberá terse en conta o condicionado relativo ás obrigas específicas de publicidade contido no artigo 16 da orde da Consellería de Economía e Industria de 12.3.2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG núm. 56 de 21.3.14)

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos á regulación harmonizada os contratos de suministro cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no seu art. 15.1. Neste senso, O PRESENTE CONTRATO NON ESTÁ SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

I.3. Órgano de contratación.-

O órgano de contratación é a Xunta de goberno local do Concello de Bueu, por delegación de alcaldía efectuada mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11). Dito órgano ten as facultades relativas á adxudicación do correspondente contrato e, as prerrogativas de interpretarlo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlo por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, co sujeción á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen perxuízo do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdicción competente.

I.4. Procedemento de adxudicación.-

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade nos termos sinalados nos arts. 138.2 do TRLCSP por concorrer o suposto previsto no artigo 173.f) e 177.2 do devandito texto normativo e non exceder o seu orzamento base de licitación, excluído o Impuesto sobre el Valor Engadido, o límite dos 100.000,- €.

A tramitación será urxente por mor da necesidade de ter xustificada o subministro perante a Consellería de Economía e Industria o 1.12.2014, nos termos sinalados na orde da Consellería de Economía e Industria de 23.9.14 publicada no DOG núm. 187 de 1.10.14, co cumprimento do disposto no art. 109 e seguintes de dita norma e coas peculiaridades sinaladas no art. 112 da mesma.

II.- ORZAMENTO DO CONTRATO, VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO.

Sinalase como valor estimado do contrato o importe do proxecto que ascende á cantidade de 51746,90 € (cincuenta e un mil setecentos corenta e seis euros con noventa céntimos de euro), IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 10866,85 € (dez mil oitocentos sesenta e seis euros con oitenta e cinco céntimos de euro) nos termos sinalados no art. 87 do TRLCSP, o que supón un total de 62613,75€, IVE engadido.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 4 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A aplicación presupuestaria das obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato é a 2014.0.431.63201.01 do orzamento vixente e existe crédito suficiente.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluírá, como partida independente, o Impuesto sobre o Valor Engadido nos termos sinalados no artigo 87 do TRLCSP. Os prezos unitarios que rexerán durante a execución do contrato serán os que figuran no proxecto aprobado pola administración municipal, afectados polo coeficiente de adxudicación resultante da oferta económica realizada polo licitador. A tódolos efectos, entenderase que o presuposto aprobado polo concello, comprende tódolos gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución do subministro, taxas e calesquera outras que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, e toda clase de impostos e licenzas tanto municipais, provinciais e estatais así como o importe dos anuncios relativos á contratación.

Na contratación do subministro entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 75.2 TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

O investimento conta coa participación da Consellería de Economía e Industria na súa financiación no marco da liña de subvencións a concellos de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 do seguinte xeito: Achega Consellería de Economía e Industria de 46960,31 euros que resulta do 75% do investimento da obra en base á subvención concedida mediante resolución do conselleiro de Economía e Industria de 24.7.2014 (notificada con data 6.8.2014/ RE núm. 5767 de 12.8.14)

III.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de duración do contrato, coincidente co de entrega do subministro e instalación do equipamento obxecto do contrato, será de tres (3) semanas dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.

En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 6.8.2014 ao abeiro da orde de 12.3.2014 cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG núm. 56 de 21.3.14) que remata o vindeiro 1.12.2014 no senso sinalado na cláusula 1.1. dos presentes pregos.

IV.- REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co establecido no artigo 89 do TRLCSP, o presente contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

V.- GARANTÍAS

V.1 Garantía provisional.- De conformidade co previsto no artigo 103.1 TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 5 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

V.2. Garantía definitiva.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constituía garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCS. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCS e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP. Cando a garantía se constituía mediante retención do prezo, levaráse a cabo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación. A este fin, cando sexa aprobada a correspondente factura o órgano de contratación ditará acto expreso de retención da cantidade que corresponda en concepto de garantía definitiva da presente contratación, total ou parcial, no seu caso, indicando, neste suposto, a cantidade que resta por reter contra a/ seguinte/s facturas.

A garantía responderá dos seguintes conceptos:

- a. Das penalidades impostas ao contratista consonte dispón os presentes pregos
- b. Da correcta execución das prestacións consideradas no contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora do contratista no cumprimento dos seus obrigas, e dos danos e prexuízos ocasionados a esta con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c. Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo co que nel ou nas normas de pliación estea establecido.
- d. Ademais, no contrato de subministración a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía que se haxa previsto no contrato.

Para facer efectiva a garantía, a Administración contratante terá preferencia sobre calquera outro acreedor, sexa cal fora a natureza deste e o título do que derive o seu crédito. Cando a garantía non sexa bastante para cubrir as responsabilidades ás que está afecta, a Administración procederá ao cobramento da diferenza mediante o procedemento administrativo de apremio, consonte ao establecido nas normas de recadación.

VI. - CONSULTA DO EXPEDIENTE , RESOLUCIÓN DÚBIDAS DOS PCAP E PPT E PERFIL DO CONTRATANTE

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) así como o documento técnico que contén as Prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCS. O acceso público ao perfil de contratante efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14

(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)

Page 6 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescricións técnicas e, no seu caso, demáis documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convintes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule

VII. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte nos termos establecidos no art. 74 e seguintes do TRLCSP.

Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. As persoas xurídicas sóo poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos artigos 55, 57 e 59 do TRLCSP, respectivamente.

No poderán concorrer ás licitacións empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por sí ou mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas licitadoras.

VIII. UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A Administración municipal poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula IX e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración municipal.

IX. PROPOSICIÓNS:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 7 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

IX.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte no procedemento negociado sen publicidade presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da recepción da invitación formulada para participar no procedemento negociado de contratación, en horas de nove a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados, e en DOUS (02) SOBRES PECHADOS, que deberán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na presente cláusula.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvedade ou reserva algunha.

EN CADA UN DOS SOBRES FIGURARÁ EXTERNAMENTE O NOME DO LICITADOR E, NO SEU CASO, DO REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO E FAX, A EFECTOS DE COMUNICACIÓN, ASÍ COMO O TÍTULO DO SUBMINISTRO " EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013" , E INCLUIRÁ A DOCUMENTACIÓN QUE SE INDICA NO APARTADO 9.2.

IX.2. Documentación.

IX.2.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación Xeral".

Este sobre presentarase de forma independente e fóra do sobre B. Conterá a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

Declaración responsable do licitador, segundo o ANEXO I, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, na que se comprometerá a que de recaer nel a proposta de adxudicación (clasificado en 1º lugar), deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que figuran no reverso da declaración responsable.

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/Dª _____, no seu propio nome (ou na representación da empresa _____), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 8 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación do subministro “ EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013”, se realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ ou ao correo electrónico _____

En _____, a _____ de _____ de 2014

Selo e sinatura do licitador,

IX.2.2.- Sobre B: Subtitulado “Oferta económica e memoria de actuación”.

Este sobre presentarase de forma independente e fóra do sobre A.

Conterá aqueles documentos acreditativos das circunstancias a ter en conta na valoración da proposición presentada de acordo cos criterios de negociación que figuran no presente prego e, como mínimo, a seguinte documentación:

A) Proposición económica.

Formulada estrictamente, consonte ó modelo que figura no ANEXO II deste prego, debidamente asinada e datada.

A proposición económica presentarase debidamente cumprimentada e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros o tachaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que deba ser repercutido.

Tódolos importes da proposición económica deberán consignarse en letra e número. No caso de que existan discrepancias entre o importe consignado en letra e o importe consignado en número, prevalecerá o importe posto en letra. No caso de que as discrepancias foran entre o importe consignado como prezo total e a suma das cantidades consignadas como importe base e IVE ou o cálculo deste, prevalecerá o importe consignado como importe base, determinándose en función deste, o IVE correspondinte e o prezo total.

A introdución da oferta económica ou de calquera outro documento que permita deducir ou coñecer o seu importe dentro do sobre A dará lugar á automática exclusión do procedemento de adxudicación do licitador incurso en dita circunstancia.

B) Memoria de actuación, debidamente asinada e datada, que deberá conter o seguinte:

a) Memoria descriptiva dos bens que se ofertan, co indicación expresa e detaiada das características técnicas dos mesmos e os seus prezos unitarios, así como una sucinta descripción da capacidade de produción e distribución das fábricas ou talleres que realizarán os bens obxecto do presente contrato.

b) Plan de implantación que detaie a forma e procedemento na que se realizará o suministro e instalación, cun calendario do tempo e actuacións necesarias, así como a relación do persoal que o levará a cabo e a súa cualificación profesional..

c) Documentación técnica dos bens e referencias detaiadas dos mesmo e programa de mantemento, de ser o caso.

d) Especificación dos medios de transporte propios ou contratados que se adicarán a la distribución e instalación do material a subministrar



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 9 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

e) Certificado de asistencia técnica de que dispoña a empresa para o mantemento do material ou reposicións durante o prazo de garantía do contrato, programa e condicións de mantemento.

f) Control de calidade onde se especifiquen os controis a que vai a someterse tanto ao equipo, como á instalación a realizar para a posta en marcha.

g) Declaración e compromiso expreso dos prazos de entrega, instalación e garantía da totalidade do suministro.

h) Infografía, catálogos, debuxos, folletos, fotografías ou vídeos relativos aos bens que se ofertan.

IX.2.3.- Documentos orixinais e lingua: Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galega e haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

X. APERTURA DAS OFERTAS.

X.1 - Normas Xerais:

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do subministro, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do contrato, d) antes da formalización do contrato, e) a recepción do subministro, etc.) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP. A este efectos, tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

X.2. Tramitación do procedemento de adxudicación

O segundo día hábil, agás sábados, tras a finalización do prazo de presentación de proposicións procederase á apertura das proposicións polo órgano de contratación que comprobará que os licitadores invitados formulan a declaración responsable na que indiquen que cumpren as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, co compromiso de que de recaer neles a proposta de adxudicación (clasificado en 1º lugar), acreditarán ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez de toda a documentación administrativa acreditativa da súa aptitude para contratar coa Administración.

Posteriormente, procederase á apertura e exame do sobre «B» por parte do órgano de contratación. Á vista das proposicións formuladas, o Órgano de contratación clasificará as ofertas de máis a menos vantaxosa de conformidade cos criterios de valoración de ofertas recollidos na cláusula XII do presente prego.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14

(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)

Page 10 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

X.3. Presentación de documentación e adxudicación do contrato

O órgano de contratación requirirá ó licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación relativa á súa capacidade para contratar recollida no reverso do modelo de declaración responsable (Anexo I do presente Prego) e, en todo caso da seguinte documentación:

1. Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias (estatais e comunidade autónoma) e coa Seguridade Social ou autorice expresamente ao órgano de contratación para obter de xeito directo dita acreditación,
2. Xustificante de non ter débedas co concello de Bueu
- 3.-Documentación acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se houbera comprometido a adicar ou adscribir á execución do contrato consonte dispón o artigo 64.2 do TRLCSP
4. Documentación acreditativa de ter constituída a garantía definitiva. No suposto de constitución da garantía definitiva mediante retención no prezo deberá aportar declaración xurada asinada polo representante da empresa da súa vontade de acollerse á modalidade de constitución da garantía definitiva en metálico mediante retención do prezo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP
5. Documento xustificativo de ter aboado os gastos dos anuncios do procedemento de contratación de ser o caso
6. A documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo I ao presente prego.

No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adxudicación concretaranse os termos definitivos do contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego. A adxudicación será motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, consonte ao artigo 40, o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:

1. En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
2. Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
3. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e ventaxas da proposición do adxudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicárase o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practícase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 11 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no [artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos](#). Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións

XI.- MESA DE CONTRATACIÓN.

En aplicación do art. 320.1 do TRLCSP, non existirá Mesa de contratación no presente contrato.

XII.- CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN

O contrato adxudicarase tomando como base os seguintes criterios de negociación:

a) Prezo: sobre o presupuesto máximo do contrato, ata un máximo de 6 puntos. Puntuándose en función da seguinte fórmula.

$$P = (L-O)X6/(L-B). \text{ Onde: (P: Puntuación, L: Presupuesto de Licitación, O: Oferta del licitador, B: Oferta más baja de las consideradas)}$$

b) Deseño, funcionalidade e adaptación do equipamento ofertado aos espazos da praza de abastos. Ata un máximo de 4 puntos.

Neste senso e, a efectos da súa valoración, terase en conta os seguintes criterios conceptuais e de deseño xeral:

- A multifuncionalidade dos equipamentos (mobiliario móbil, flexible, adaptable) de tal xeito que permita a organización de diferentes mercados temáticos ou eventos gastronómicos (cursos, presentacións, degustacións, demostracións de cociña). (máximo 1 punto)
- A unidade estética do deseño, de forma que toda a proposta recolla unha coherencia entre a zona de mercados temáticos, a gastronómica e a decorativa do edificio. (máximo 1 punto)
- A optimización da venda de produtos a través da xestión no punto de venda do propio produto como instrumento de comunicación publicitaria (escaparatismo).(máximo 1 punto)
- Calidade nos materiais e accesorios que se empreguen, e tamén na execución, de forma que perduren no tempo mantendo unha boa presenza, que requiran pouco coidado de conservación, que sexa doada a súa limpeza e que sexan lixeiros de peso para facilitar o seu transporte. Resistencia do mobiliario que debrá ser ergonómico e cómodo.(máximo 1 punto)

XIII. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato que resulte deberá ser formalizado en documento administrativo que se axuste con exactitud ás condicións da licitación, constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, corriendo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 12 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbera formalizado o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, en su caso hubiese exigido. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perxuízos que a demora lle poideran ocasionar

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

XIV.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía é de dous (2) anos a contar dende a data de finalización do contrato nos termos do Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16.11, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios.

A devolución da garantía definitiva producirase unha vez transcorrido o dito ano previo informe favorable emitido polo responsable do contrato ou persoa encargada da súa supervisión.

XV.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA.

De conformidade con artigo 85 doTRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

XVI.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

XVII.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

XVII.1.- Abonos ao contratista.- A entidade adxudicataria emitirá factura polo importe do material obxecto do contrato en base a súa oferta. A factura correspondente deberá ser presentada no Rexistro xeral do concello de Bueu no prazo de 30 días dende a entrega do subministro, consonte dispón o art. 216.4 do TRLCSP.

A factura será abonada previa conformidade do responsable do contrato e cumpridos os trámites legalmente establecidos, no prazo previsto no art. 216.4 do TRLCSP.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquiera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato pero, para que surta efectos a cesión, e a Administración municipal expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a ésta última o acordo de cesión. (art. 218 LCSP.)

XVII.2. Gastos esixibles ao contratista.-

Serán de cuenta del contratista los siguientes gastos:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 13 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

- a) Os da formalización publica do contrato, no seu caso.
- b) Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto do suministro. Ao respecto o adxudicatario do contrato deberá entregar a totalidade dos elementos decorativos e de mobiliario que conforman o equipamento ofertado, en presenza do responsable do contrato, no lugar indicado polo concello, procedendo á limpeza e evacuación dos elementos sobrantes, tales como, a modo meramente enunciativo, embalaxes, labras de madeira, etc.
- c) O importe de todos os anuncios regulamentarios de licitación e adxudicación do contrato,
- d) O Impuesto sobre o Valor Engadido (IVE), que se entenderá incluído dentro do prezo de adxudicación.
- e) Os gastos de análise, ensaio e proba dos materiais que se empreguen,
- f) Establecer sistemas de control de calidade
- g) Cualesquiera outros que así se determinen neste PCAP, PPT ou na normativa vixente.

XVII.3. Penalidades.- Se impondrán penalidades ao contratista cando incorra en alguna das causas previstas a continuación:

- a) Por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:
 - Se, ao tempo da recepción, o material obxecto de suministro non se atopa en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.
 - Como regra xeral, a súa contía será un 1% do prezo do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou un 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
 - En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente le incumbe en cuanto á reparación dos defectos.
- b) Por demora. O contratista queda obrigado ao cumprimento dos prazos de entrega dos bens para a realización do contrato. A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa pola Administración. En caso de incumprimento de prazos, por causa imputable a contratista, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 14 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A imposición de penalidad non exclue a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perxuízos ocasionados polo retraso imputable ao contratista.

XVI.4 Obrigas do contratista

- 1.- O subministrador está obrigado a entregar e colocar o equipamento obxecto do suministro no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas especificacións técnicas e as cláusulas administrativas particulares contidas neste Prego.
- 2.- O subministrador está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Consonte figura no modelo de declaración responsable que figura como anexo I do presente prego, deberá aportar un compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes indicando a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación de acordo co establecido no prego de prescricións técnicas. Dito documento terá carácter de obriga esencial polo que a non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio do órgano de contratación debidamente razoado, terá carácter excluínte e o seu incumprimento considerase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 223 f) do TRLCSP
- 3.- O subministrador non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta houbera incorrido en mora ao recibilos.
- 4.- Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do Prego, sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.
- 5.- Os bens quedarán no punto de destino listos para a súa utilización conforme ás especificacións técnicas da subministración, sendo da exclusiva conta do contratista os gastos de transporte e entrega de acordo coas prescricións técnicas particulares e calquera outros necesarios para a efectividade da entrega e, se é o caso, a retirada dos bens usados da Administración, ata o lugar e destino a convir.
- 6.- Así mesmo correrá a cargo do contratista os gastos de entrega e recepción dos bens no lugar que a Administración indique, así como calquera outros gastos a que houbese lugar para a realización do obxecto do contrato, tales como os fiscais, taxas e gravames, segundo as disposicións vixentes.
- 7.- Será obriga do contratista indemnizar á Administración municipal por danos e perxuízos a que poida ter dereito esta, orixinados pola demora ou polo incumprimento do contrato por causas imputables a este.
- 8.- De conformidade co disposto no art.º 215 do TRLCSP, a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista, polo que este non terá dereito a indemnizacións por causa de perdas, avarías, ou perxuízos ocasionados. Non obstante será de aplicación o disposto no art.º 292 do TRLCSP, respecto á atribución dos riscos por perdas, avarías ou perxuízos dos bens, segundo se produzan antes ou despois da entrega do provedor á administración.
- 9.- Obrigas laborais do contratista. O contratista está obrigado, con respecto ao persoal que empregue na execución do contrato, ao cumprimento das disposicións legais vixentes, especialmente en materia de lexislación fiscal, laboral, seguridade social e seguridade e hixiene no traballo, así como ao cumprimento das que puidan promulgarse durante a execución deste, quedando este Concello exonerado de responsabilidade ao respecto. Neste senso, o adxudicatario está obrigado a dar de alta a todo o seu persoal na Seguridade Social, ter cuberto o risco de Accidentes de Traballo e velar polo cumprimento da lexislación laboral e de prevención de riscos laborais vixente en cada momento
- 10.- O contratista deberá gardar sxiilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 15 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

11.- O contratista quedará obrigado á entrega de certificados de homologación e/ou cumprimento de conformidade de normas que lle sexan solicitados tanto daqueles materiais que sexan subministrados coma de calquera outro que lle puidese ser requirido en execución do contrato.

12. O contratista queda obrigado ao cumprimento das disposicións xerais contidas no Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16.11, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios

XVII.5- Modificación do contrato.

Ao abeiro do previsto no art. 106 do TRLCSP non procede a modificación do contrato de subministro previsto nos presentes pregos, salvo nos supostos recoñecidos no art. 107 de dito texto.

XVII.6.- Suspensión do contrato.

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tiver lugar pola aplicación do disposto no artigo 220 do TRLCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. A acta de suspensión será asinada por un representante do órgano de contratación e o contratista e deberá erguerse no prazo máximo de dous días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel no que se acorde a suspensión.

XVIII.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos no art. 225 e 299 do TRLCSP. Ademais das anteriores, constituirán causa de resolución imputable ó contratista as seguintes:

- O incumprimento da obriga de gardar sxiilo establecida nestes pregos.
- A incursión do contratista, durante a vixencia do contrato, en algunha das prohibicións sinaladas na normativa vixente ou en incompatibilidade, sen a obtención inmediata da correspondente compatibilidade.

O acaecemento de calquera destas causas, nos termos establecidos, facultará ó órgano de contratación para dar por resolto o contrato, coa indemnización de danos e prexuízos e demais efectos que procedan conforme á normativa aplicable, podendo optar pola execución subsidiaria, realizando as obrigas incumpridas ou continuando a execución do contrato por si ou a través das persoas ou empresas que determine, a costa do contratista. O importe da garantía responderá de todo iso, en canto alcance, e sen prexuízo da responsabilidade xeral do contratista.

XIX.- DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA

Notificada a adxudicación do contrato, o adxudicatario estará obrigado a presentar, no prazo de tres días naturais, en duplicado exemplar e conforme o modelo que se insire a continuación:
DESIGNACIÓN DE CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DE DATOS BANCARIOS

DATOS DO/A INTERESADO/A

(A rellenar polo/a interesado/a)

RAZÓN SOCIAL:	
CIF:	VÍA PÚBLICA, Nº, PISO, PORTA:
LOCALIDADE:	



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
 SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
 CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
 (Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
 Page 16 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
 Bueu, ade 2014
 A Secretaria do concello
 Nuria Lobato Del Río

CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	FAX:
APELIDOS E NOME DO/A REPRESENTANTE	
NIF:	TELÉFONO:
Data: Conforme: O/A TERCEIRO/A Asdo.:	

DATOS BANCARIOS (A cubrir pola Entidade Financeira)

ENTIDAD FINANCIERA (Banco ou Caixa):	SUCURSAL:		
VÍA PÚBLICA:	Nº		
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	Nº DE CONTA
Data:		Certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta Entidade a nome do/a interesado/a arriba mencionado: (Sinatura e selo da Entidade Financeira)	

De conformidade co disposto na Lei de Protección de Datos (L.O.15/1999), os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un fichero automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Concello. O/A titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da Lei, dirixíndose ó Excmo. Concello de Bueu (Pontevedra).

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE BUEU

(A/A TESOURERÍA)

Rúa de Eduardo Vincenti, nº 8.

36930 BUEU (Pontevedra).-

XX.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSONAIS

Os licitantes autorizan a comunicación dos seus datos persoais a entidades financeiras, Facenda Pública e diarios oficiais, así como a outros terceiros cando veña previsto especificamente nunha norma con rango de lei, e a outras administracións públicas para o exercicio das súas respectivas competencias. No caso de que os participantes no presente procedemento facilitasen datos de carácter persoal de terceiros previamente á súa inclusión, deberán informa-los seus titulares dos puntos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obtiren o seu consentimento.

XXI.- XURISDICCIÓN COMPETENTE



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 17 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A xurisdición contencioso-administrativa coñecerá das cuestións litixiosas relacionadas co contrato a que se refire o art. 21.1 do TRLCSP. As cuestións litixiosas serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán remate á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei Reguladora de dita Xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso potestativo de reposición e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos que non reúnan os requisitos previstos no artigo 40 do TRLCSP, serán susceptibles de recurso en vía administrativa conforme ó disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e recurso Contencioso-Administrativo, consonte ó disposto pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Recurso especial en materia de contratación. Con carácter potestativo, poderá interpoñerse o recurso especial en materia de contratación previsto no art. 40 do TRLCSP nos supostos contemplados no mesmo. Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ó disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 18 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico

C.I.F./N.I.F.:

Obxecto social ou actividade:

Epígrafe/s do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)

N.I.F.:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Poder: Escritura NºNotario D/Dª.....

Localidade.....Data.....

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpro cos requisitos de capacidade e solvencia esixidos na normativa reguladora da contratación do sector público solicita ser admitido na licitación do subministro denominado "EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013" e en cumprimento do disposto nos arts. 146.4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, na redacción dada pola lei 14/2013 de apoio a emprendedores e a súa internalización, do art. 24 da lei 14/2013 de 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico de Galicia e na cláusula IX.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras da contratación de dito subministro

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚO A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E:

1.- Que cumpro tódolos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro para participar na licitación do subministro denominado "EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013".

De xeito expreso, que a empresa á que represente dispón de capacidade xurídica e de obrar e da habilitación profesional necesaria para concertar co concello de Bueu o "SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 19 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013 ". O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto do contrato consosnte recolle o artigo.....do seus estatutos sociais que se atopan inscritos nos rexistros correspondentes.
2.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior na data de remate do prazo de presentación de ofertas
3.- Que, no suposto de resultar proposto para a adxudicación do contrato administrativo do subministro de referencia, me comprometo a presentar en tempo e forma a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia do empresario establecidos no Libro I, título II, capítulo II do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro
4.- Que aos efectos da normativa sobre protección de datos personais autorizo a esta Administración á comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN

- 1.- NIF/CIF
- 2.- Escritura constitución ou modificación
- 3.- Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre

(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "La inexactitud, falsedad u omisión, de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación o documento que se acompañe o incorpore a una declaración responsable o a una comunicación previa, o la no presentación ante la Administración competente de la declaración responsable o comunicación previa, determinará la imposibilidad de continuar con el ejercicio del derecho o actividad afectada desde el momento en que se tenga constancia de tales hechos, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que hubiera lugar. Asimismo, la resolución de la Administración Pública que declare tales circunstancias podrá determinar la obligación del interesado de restituir la situación jurídica al momento previo al reconocimiento o al ejercicio del derecho o al inicio de la actividad correspondiente, así como la imposibilidad de instar un nuevo procedimiento con el mismo objeto durante un periodo de tiempo determinado, todo ello conforme a los términos establecidos en las normas sectoriales de aplicación.")

Bueu, a.....de.....de 20.....
Asdo:.....

**A documentación acreditativa da capacidade e solvencia que deberá presentar o licitador proposto será a seguinte nos termos previstos na cláusula 10.4.6º) do PCAP (exceptuase a documentación presentada xunto coa declaración responsable):*

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario consonte esixe o art. 146.1 do TRLCSP

A-1) *Empresario individual: copia compulsada, notarial ou administrativamente, do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.*

A-2) *Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.*

- *Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada, notarial ou administrativamente.*

A-3) *Empresas comunitarias.*

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 20 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

A.4) *Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega). A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.*

A-5) *Empresas non comunitarias.*

1.- *Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.*

2.- *Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.*

A-6) *Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): Declaración de sometemento á xurisdición de Tribunais e Xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante*

B) *Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.*

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

C) *Poderes:*

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante. O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) *Bastanteo de poderes:*

Os poderes a que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberaos bastantear previamente a Secretaria da Corporación municipal previa solicitude formulada no rexistro xeral do concello según modelo que figura no anexo III (poderase igualmente descargar o formulario da web municipal).

E) *Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:*

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c) e 60 do TRLCSP, nos termos esixidos no art. 146.1.c) do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

“D./D^a....., con DNI n^o.....e domicilio, a efectos de notificación, en.....provincia de.....rúa..... n^o.....en nome propio/ ou en representación da empresa á que representa no procedemento aberto para a adxudicación do contrato de subministro (Título)....., convocado polo Concello de Bueu

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data e sinatura do proponente)”

F) *Pago do imposto de actividades económicas:*

Certificación ou recibo acreditativo do pago do Imposto de Actividades Económicas (IAE) correspondente á actividade concreta sobre a que se oferta, xunto cunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se deu de baixa na matrícula do citado imposto.

Para o caso de estar exento conforme ao artigo 82-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acreditarase esta circunstancia por mera comunicación escrita se se trata de persoas físicas, en no caso de persoas xurídicas, achegando ben o modelo 201 do Imposto de Sociedades do último exercicio presentado na



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 21 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

Delegación do Ministerio de Facenda correspondente, ou ben, acompañando comunicación da cifra de negocios regulada na Orde HAC/85/2003, do 23 de xaneiro.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

A xustificación da solvencia económica e financeira poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.*
- b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.*
- c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.*

*A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante a achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. **En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.***

A xustificación da solvencia técnica poderá acreditarse por algún dos medios sinalados a continuación:

- a) Relación das principais subministracións efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado destes. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.*
- b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas, ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.*
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.*
- d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.*
- e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poida certificarse, a petición da entidade do sector público contratante.*
- f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.*

3º.-Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso indicando a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación de acordo co establecido no prego de prescricións técnicas. Dito documento terá carácter de obriga esencial polo que a non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, segundo criterio do órgano de contratación debidamente razoado, terá carácter excluínte e o seu incumprimento considerase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 223 f) do TRLCSP.

H) Unións temporais de empresas. Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula VIII do presente prego.

I) Declaración de empresas vinculadas. No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social,



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 22 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

debedo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

J) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Xunta de Galicia. Os licitadores poderán indicar o rexistro de licitadores e empresas clasificadas no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación vixente onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración municipal poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia. Cando a acreditación da capacidade e solvencia se realice mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas prevista no art. 83.2 do TRLCSP, ou mediante certificado comunitario de clasificación consonte dispón o art. 84, deberá adxuntarse unha declaración responsable do licitador na que manifeste as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento en que se formalice o contrato, sen prexuízo do cal o órgano de contratación poida, se o considera conveniente, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas

NOTA INFORMATIVA

Para garantir o correcto desenvolvemento da licitación do contrato na fase de determinación da capacidade e solvencia como requisitos da contratación da entidade que concorre se lles invita a que **analicen una serie de aspectos da súa empresa que, de non concorrer, harán inviable a adxudicación do contrato o seu favor no caso de presentar a oferta máis ventaxosa:**

- 1.- **Comprobar estatutos sociais para verificar, con cita do concreto artigo dos mesmos, que o seu obxecto social encaixa co obxecto do contrato ao que concorren (art. 57 do TRLCSP)**
- 2.- **Analizar se concorren os requisitos de solvencia e capacidade ou, de ser o caso, como propón completarlos con medios externos (art. 63 e 65 do TRLCSP)**



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
Page 23 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
Bueu, ade 2014
A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

ANEXO II

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

“D/Dª.....maior de idade, veciño de..... e con DNI nº..... en nome propio ou en representación da Empresa,con domicilio social en....., e NIF nº.....ao obxecto de participar no procedemento aberto para a contratación do subministro: “EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013“ con cargo á subvención concedida pola Consellería de Economía e Industria de 6.8.2014 ao abeiro da orde de 12.3.2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das subvencións para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos así como dos espazos do comercio non sedentario cofinanciadas polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013,convocado polo Concello de Bueu, manifesta o seguinte:

- Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Bueu.
- Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación e que forman parte daquel, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.
- Comprométese, en nome propio ou da empresa que representa, a realizar o subministro de referencia, con estrita suxeción aos requisitos e condicións esixidas, polo prezo de(en letra e número) IVE EXCLUIDO. Correspondéndolle a esta cantidade un IVE de..... € (en letra e número), polo que o importe total, IVE incluído, ascende á cantidade de..... € (en letra e número) .

En , ade de 2014 ...
(Lugar, data e sinatura do licitador)



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
 SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
 CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14
 (Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)
 Page 24 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014
 Bueu, ade 2014
 A Secretaria do concello

 Nuria Lobato Del Río

ANEXO III
SOLICITUDE DILIXENCIA DE BASTANTEO DE PODERES

SOLICITANTE
 D./D^a.....En
 representación d@.....
 C.I.F. nº.....
 ENDEREZO: Rúa e núm.....
 Parroquia e Concello.....
 NIF.....TELEF.:

EXPÓN:
 Actuando en nome e representación do poderdante que logo se dirá, deposita no Rexistro xeral do concello, para a súa remisión ao servizo de contratación do departamento de secretaria, os documentos que abaixo se relacionan para o bastanteo do poder seguinte:
DOCUMENTOS:

DATA, CIDADE E Nº PROTOCOLO:

PODERDANTE:.....
BASTANTEAR PARA:

SOLICITA:
 Que previos os trámites correspondentes, se proceda a realizar por parte da Secretaría municipal a diligencia de bastanteo de poderes interesada.
 Bueu a..... dedo 2014
 O SOLICITANTE
 SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BUEU

Relación de documentación necesaria para o inicio e tramitación do procedemento:

Copia autorizada de documentos ou escrituras públicas, debidamente inscrito no rexistro correspondente (ej, mercantil, cooperativas, fundacions, etc).. Non se bastantean nin fotocopias nin copias simples.

No caso de asociacións, clubs deportivos, federacións, etc deberán aportar orixinal, testemuña ou copia compulsada da documentación acreditativa da constitución do ente e os seus estatutos, e da resolución



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C78-14

(Rel. Subv. AEDL/14 C.Industria. s.rf. IN223A 2014-32)

Page 25 of 25

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado porde data.....de 2014

Bueu, ade 2014

A Secretaria do concello

Nuria Lobato Del Río

administrativa pola que se aprobou a súa creación e inscrición no Rexistro correspondente, así como certificación acreditativa da vixencia do cargo de Apoderado (ej, Presidente).

2. A taxa pola expedición do documento administrativo no que se formalice o bastanteo esixiranse, nos termos previstos na ordenanza fiscal núm. 12 (BOP Pontevedra núm. 250 de 30.12.2005) en réxime de autoliquidación. Neste senso, as persoas interesadas na tramitación do documento que constitua o feito impoñible desta taxa (bastanteo), presentarán previamente no Rexistro Xeral do concello a oportuna solicitude, acompañando o xustificante de ter pagada a taxa correspondente, sin cuio requisito non será tramitado o mesmo. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisoriamente, pero non se lles dará curso sen que se corrixa a deficiencia, para o que se requerirá ó interesado co fin de que, no prazo de 10 días aboe as cotas correspondentes co apercebimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse ditos escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.